

Tags: #farmacia #UniversidadedeSantiago #I+D #Biomedicina

# A Universidade de Santiago coordina a rede de grupos de investigación sobre fármacos en España

A Rede Temática Española de Descubrimiento de Fármacos (REDEFAR) inicia a súa andaina na capital de Galicia coordinada polo grupo BioFarma.

Por Galicia Confidencial | Santiago | 20/05/2016 | Actualizada ás 15:50

A Rede Temática Española de Descubrimiento de Fármacos (REDEFAR) comezou a súa actividade cunha xuntanza en Santiago baixo a coordinación da USC a través do **grupo BioFarma que dirixe Mabel Loza**. REDEFAR conta co financiamento do Ministerio de Economía e Competitividade e constitúena dez equipos de investigación de excelencia internacional en I+D aplicado ao descubrimento temperá de fármacos.



Reunión en Santiago de Compostela da Rede Temática Española de Descubrimiento de Fármacos (REDEFAR) |

A primeira xuntanza oficial serviu para a busca de sinerxías entre os grupos participantes, identificar os proxectos sobre os que organizar a colaboración e as súas posibilidades de financiamento, ademais de explorar a extensión da Rede a outros grupos nacionais no contexto actual de innovación aberta. Xunto cos grupos implicados, tamén participaron na xuntanza a directora da Axencia de Coñecemento en Saúde da Xunta de Galicia (ACIS), Sonia Martínez; o director da Axencia Galega de Innovación, Manuel Varela; e a subdirectora de Asesoría Xurídica da Xunta, Beatriz Allegue.

REDEFAR permitirá conectar, fortalecer e visibilizar os equipos centrados no descubrimento de fármacos, ademais de mellorar a capacidade de transferencia da ciencia biomédica, a coordinación dos grupos especializados neste ámbito e a conexión co sector industrial.

O grupo BioFarma da USC asume a coordinación da rede e achega a súa experiencia acumulada de 15 anos en programas de colaboración entre entidades públicas e privadas para o descubrimento de fármacos. Ata o momento, o traballo do equipo da profesora Mabel Loza permitiu o desenvolvemento de varias moléculas que chegaron a ensaio clínicos ademais de ter posibilitado o desenvolvemento do proxecto Innopharma.

O resto de grupos que conforman inicialmente REDEFAR están dirixidos polo tamén profesor da USC Carlos Diéguez; María Jesús Vicent (CI Príncipe Felipe); Olga Genilloud (Fundación Medina); Ferrán Sanz (Universidade Pompeu Fabra); Jordi Quintana (Parc Cientific de Barcelona); Leonardo Pardo (Universidade Autónoma de Barcelona); María Luz López (Universidade Complutense de Madrid); Ana Martínez (Centro de Investigacións Biolóxicas-CSIC); e Juan Suárez (Instituto de Investigacións Biomédicas de Málaga).

A Rede estruturouse en catro nodos sobre HTS (cribado in vitro), Bio-químico-informática, Química terapéutica e Modelos in vivo. Cada un destes grupos estará aberto aos grupos españoles especializados nesas respectivas árees. Así, búscase alcanzar sinerxías e a valorización das iniciativas que se levan a cabo en España nos ámbitos químico, farmacéutico e médico; unha maior coordinación e eficacia do traballo desenvolvido; e aumentar a participación e a visibilidade de España en iniciativas internas e externas.